

PROXECTO DE DECRETO DE PESCA MARÍTIMA PROFESIONAL

TÍTULO I. DEFINICIÓNS

Artigo 1.- Aparellos de anzol

1.- Aparellos de anzol

Son aparellos de anzol aqueles sistemas de pesca que utilizan o anzol como elemento básico de captura.

2.- Palangre de fondo

Aparello fixo ó fondo, que consta dunha liña nai horizontal da que penden brazoladas verticais, ás que se empatan os anzois. Nos extremos e ó longo da liña nai van dispostos os elementos necesarios de fondeo e flotación, que permiten manter os anzois ás profundidades convenientes.

Emprégase para a captura de especies demersais, principalmente a pescada.

3.- Palangre de superficie

Aparello que consta dunha liña nai horizontal da que penden brazoladas verticais, ás que se empatan os anzois. Nos extremos e ó longo da liña nai van dispostos os elementos necesarios de fondeo e flotación, que permiten manter os anzois ás profundidades convenientes.

O aparello mantense na superficie ou media auga sen apoiar nin ter ningún contacto co fondo. As especies obxectivo principais son o peixe espada, o marraxo e outras de superficies.

4.- Palangrillo

Aparello que consta dun cabo nai horizontal do que penden brazoladas verticais, convenientemente separadas. Ten unha estrutura similar ás dos palangres de fondo ou de superficie, dos que se diferencia polas súas menores dimensións. As especies obxectivos principais son congro, robaliza, abadexo e faneca e outras.

5.- Liña

Aparello vertical constituído por unha liña nai da que penden brazoladas ou sedais con anzois. A liña pode ser de man ou de cana.

Así mesmo considéranse liñas as poteiras e rañeiras que son aparellos verticais para a captura de cefalópodos e as caceas ou curricáns que son aparellos horizontais remolcados empregados na captura do bonito e outras especies. As principais especies obxectivo da liña son a robaliza e abadexo.

Artigo 2.- Artes de enmalle

1.- Volanta

Rede fixa de enmalle dun único pano de rede, mantida verticalmente na auga a modo de barreira por medio de flotadores e lastres, que se cala ao fondo mediante elementos de ancoraxe. Está formada por varias pezas unidas unhas a continuación de outras e armadas entre dúas relingas, a superior provista de flotadores e a inferior de chumbos. Os cabeceiros da arte van unidos pola parte superior a cabos de flotacións afirmados ás boias de balizamento e pola parte inferior ao arganeo de ancoraxe. A especie obxectivo principal é a pescada.

2.- Rasco

Rede fixa de enredo dun só pano que se cala ao fondo. A rede está montada con baixo coeficiente de armadura e ampla colgadura para facilitar o embolsamento. Calase case tendida sobre o fondo e para iso a relinga superior está provista de escaso número de flotadores, en orde a capturar especies sedentarias que se desprazan pouco sobre o fondo. A malla é de grandes dimensións, sendo a especie obxectivo principal os peixes sapo.

3.- Veta

Arte de enmalle fixa formada por unha ou varias pezas dun único pano de rede rectangular. O seu calamento é vertical por efecto do seu armado entre dúas trallas, a superior cun sistema de flotación e a inferior lastrada. As especies obxectivo principais son a pescada, faneca, salmonete e abadexo.

4.- Trasmallo

Arte de enmalle fixa rectangular constituída por unha ou varias pezas, cada unha delas formada por tres panos de rede superpostos e que se cala fixo no fondo. Os panos ármanse conxuntamente entre dúas trallas de xeito que poidan permanecer calados verticalmente. Os panos exteriores son iguais entre sí, tanto na dimensión da malla como no diámetro do fío.

O pano interior, de malla de menor tamaño, pode ser de maior extensión. As especies obxectivo principais son o choco, centola e maragota.

5.- Miño

Arte de enmalle fixa rectangular constituído por unha ou varias pezas, cada unha delas formada por tres panos de rede superpostos e que se calan fixos no fondo.

A súa estrutura é similar á dos trasmallos, se ben difiren destes pola súa altura, amplitude de mallas e tempo de calado no mar. As especies obxectivo principais son a centola, maragota e peixe sapo.

6.- Raeira

Arte de enmalle fixa rectangular dun único pano de rede composta de varias pezas unidas, armada entre trallas de flotadores e chumbos de tal forma que o balance frotador/chumbo faille adoptar a posición case tendida no fondo ao que se fixa con rezóns.

A especie obxectivo é a centola.

7.- Xeito

Arte de enmalle que está constituída por un único pano de rede rectangular estendido entre dúas trallas, a superior, que consta dun sistema de flotación por boias que permite un calado a profundidade variable, e a inferior que está lastrada con chumbos. Debe permanecer unido á embarcación mediante un cabo de lonxitude variable, quedando o outro extremo libre. A especie obxectivo principal é a sardiña.

Artigo 3.- Artes de cerco

1.- Cerco

Arte constituída por unha rede rectangular sustentada por flotadores e mantida verticalmente por pesos, coa que se rodea ou cerca o cardume. Está provista dun cabo ou xareta que pecha a arte pola parte inferior unha vez realizado o cerco, quedando os peixes embolsados nela. As especies obxectivo son pequenos peláxicos: sardiña, xurelo, xarda, etc.

2.- Artes de cerco de menores dimensións

Artes semellantes ó cerco pero de menores dimensións, de uso tradicional en Galicia, que adoptan denominacións como raspita, racú e piobardeira, así como outras empregadas para a captura de bolos, lanzóns e voadores.

Artigo 4.- Artes de trampa

1.- Nasa en xeral

Arte de trampa de forma variable que consta basicamente dun armazón ou esqueleto, que lle da forma, un revestimento que recobre o armazón e unha ou máis aberturas ou bocas de extremos lisos que permiten a entrada das distintas especies ó interior do habitáculo que forma a arte, atraídas polo cebo colocado dentro del. Emprégase para a captura de crustáceos e moluscos cefalópodos. Tamén existen nasas para peixes.

As nasas se largan formando caceas nas que cada nasa se une a unha tralla chamada liña-nai.

As súas características están definidas pola especie á que se dirixe: nécora, polbo, choco, centola, camarón, langosta, etc.

2.- Nasa nécora

Consiste nunha estrutura de forma cilíndrica ou poliédrica. Ten unha soa boca.

3.- Nasa camarón

As características da nasa para camarón son idénticas ás da nécora, coa excepción da boca ou bocas de entrada, que é circular ou cadrada.

4.- Nasa centola

A nasa de centola é de forma variable e pode ser de dous tipos:

- a) De armazón de variñas de ferro, madeira, aceiro ou outro material, e sen envoltura de rede.
- b) De envoltura de rede provista dunha fiestra de escape na parte inferior dun dos laterais da nasa.

5.- Nasa polbo

Pode ser pechada ou aberta. A estrutura e dimensión da nasa pechada de polbo é similar a da nasa de nécora.

A nasa aberta de polbo diferénciase da nasa de nécora na súa maior abertura de boca.

6.- Nasa choco

Consiste nunha estrutura de forma variable que pode ser cilíndrica, semicilíndrica, poliédrica ou de calquera outra forma.

7.- Nasa portuguesa

Consiste nunha estrutura de forma toroidal, de arames soldados que na parte superior forman unha boca en forma de funil. Constitúe unha variedade de nasa de polbo.

8.- Nasa fanequeira

A nasa fanequeira está formada por un armazón cilíndrico, con aros e varelas verticais. Leva dúas entradas opostas feitas de rede, que se prolongan de forma troncocónica cara ó interior da nasa.

9.- Nasa anguía

Formada por unha armazón de vimbios de forma aproximadamente cilíndrica, con dúas aberturas nas caras opostas, unha de entrada en forma de funil e outra provista de tapadeira, que serve para retirar as capturas.

10.- Nasa langosta

Pode ser de forma cilíndrica ou poliédrica.

11.- Nasa patexo

Consiste nunha estrutura hemicilíndrica ou cilíndrica de ferro, madeira ou plástico de características similares a nasa utilizada para a captura de nécora ou polbo.

12.- Butrón

Arte de trampa que consta dunha parte central rectangular de rede, chamada parada, aos extremos da cal e perpendicularmente a ela se sitúan de tres a cinco funís concéntricos de rede que desembocan nunha última cámara, onde quedan atrapados as capturas. Pode utilizarse separadamente ou en grupos. A especie obxectivo é a anguía e secundariamente o choco.

Artigo 5.- Arte de Arrastre

Arte que se despraza de forma activa na auga. Consiste nunha rede remolcada por un ou varios buques de pesca. A rede está formada por un corpo cónico ou piramidal. O corpo ensánchase na súa parte anterior en forma de brazos, alas ou bandas e péchase na súa parte posterior por un copo ou saco.

A apertura horizontal da rede lógrase mediante unha parella de portas no caso de arrastre cun só buque. As portas, que actúan como alas e teñen forma hidrodinámica, necesitan que o buque navegue a unha velocidade axeitada para manterse en posición de funcionamento.

O arrastre en parella non utiliza portas. A apertura vertical conséguese pola separación dos dous buques.

O buque arrastreiro manobra co rumbo e velocidade axeitada mantendo a arte á profundidade necesaria para alcanzar os cardumes, atrapalas especies coa boca e pasalas polo corpo da rede ata o copo onde quedan depositadas.

A arte de arrastre pode traballar sobre o fondo (arrastre de fondo), a profundidade media (arrastre semipeláxico) ou próximo á superficie (arrastre peláxico).

Artigo 6.- Artes de tiro

1.- Bou de vara

Arte de rede constituída por unha vara transversal de madeira ou metal, dúas alas e un saco ou cope. A apertura horizontal do aparello débese a presenza da vara.

As especies obxectivo principais son volandeira, choco e faneca.

2.- Rapeta ou bou de man

Arte de rede virada cun halador ou a man, que consta dúas alas ou pernas e un saco. As alas teñen calóns nos extremos, unha tralla superior con flotadores e una tralla inferior con lastre. O saco está constituído pola mesa ou gola, o cope e a coroa.

As especies obxectivo principais son choco, volandeira, polbo, centolo e conguito.

3.- Boliche ou chinchorro

Arte semellante ao bou de man pero de maior tamaño e con menor chumbada. Consta dúas alas ou pernas e un saco. As alas teñen calóns nos extremos, unha tralla superior con flotadores e una tralla inferior con lastre.

O saco está constituído pola mesa ou gola, o cope e a coroa

As especies obxectivo principais son calamar, choco, sardiña e xarda.

Artigo 7.- Útiles

1.- Mediomundo

Útil formado por un aro armado de ventos que se xuntan nunha argola da que parte un cabo único. O cabo pode ir suxeito directamente a unha vara ou por medio dunha pola para o seu manexo.

As especies obxectivo principais son patexo e piarda.

2.- Bicheiro

Útil formado por un mango de madeira ou outro material como elemento de manexo e un arpón nun dos extremos como elemento de enganche.

A especie obxectivo principal é a centola.

3.- Femieira

Util de man que consta dunha vara transversal ou tangon do que pende un sedal que leva empelado no seu extremo un anzol cebado cunha femia de xiba ou choco collida polo manto.

A femia atrae os machos que son capturados cun bicheiro ou truel.

TÍTULO II. DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL

CAPÍTULO I. Disposicións Xerais

Artigo 8.- Obxecto

O presente decreto ten por obxecto regular o exercicio da pesca marítima profesional e a ordenación do sector pesqueiro no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, ten por obxecto regular a actividade de marisqueo con determinadas artes e aparellos de características comúns aos empregados na pesca.

Artigo 9.- Buques autorizados

1.- Para exercer a actividade da pesca marítima profesional en augas da Comunidade Autónoma galega o buque terá que estar inscrito no Censo da Flota Pesqueira Operativa e no rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia, ter porto base en Galicia e estar en posesión da licenza de pesca.

2.- Tamén poderán ser autorizados buques de outras Comunidades Autónomas tendo en conta a súa capacidade de pesca, o esforzo pesqueiro e o estado dos recursos.

Artigo 10.- Outorgamento da Licenza de Pesca profesional

1.- As licenzas outorgaranse por tempo ilimitado e habilitarán ao buque a faenar coas artes e aparellos e nas condicións que nela se inclúan. Deberán ser levadas a bordo.

2.- Para o outorgamento de licenzas terase en conta a información dispoñible sobre o estado dos recursos, as características técnicas da embarcación, a habitualidade na pesqueira e a situación socioeconómica do sector de actividade ao que se dirixa.

3.- As licenzas serán expedidas pola Dirección Xeral de Recursos Mariños, logo do procedemento que se establezca.

Artigo 11.- Subrogación no uso da licenza

No caso de transmisión da titularidade da embarcación, o novo propietario deberá comunicarllo á Delegación Territorial competente no prazo máximo de quince días desde a formalización da escritura pública correspondente, para os efectos da subrogación no uso da licenza, sen prexuízo do disposto no artigo 12.2º

Artigo 12.- Modificación dos elementos da licenza

1.- O titular da licenza poderá solicitar en calquera momento a modificación das artes, aparellos e útiles, o caladoiro ou zona de pesca autorizados, o porto base ou calquera outra condición relativa á actividade que figure na licenza. Para a resolución da solicitude terase en conta as condicións establecidas no artigo 10 e o informe da Delegación Territorial correspondente. A resolución en sentido positivo suporá o outorgamento dunha nova licenza. Non obstante, a Dirección Xeral de Recursos Mariños poderá establecer determinados períodos para a solicitude de novas licenzas derivadas do cambio de artes, aparellos, útiles ou zonas de pesca, de forma que se desestimarán as que se presenten fora do período habilitado.

2.- En caso de cambio de armador ou variación dos elementos ou características propias do buque o titular deberá, no prazo de quince días desde a actualización da folla de asento, solicitar unha nova licenza. A modificación terase en conta á hora de asignarlle á nova licenza artes, aparellos, caladoiros ou zonas de pesca.

Artigo 13.- Perda e suspensión da licenza

1.- A baixa definitiva no rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia implicará a perda da licenza.

2.- A non utilización da licenza de pesca, sen causa xustificada durante 2 anos será causa de baixa provisional, cuasando baixa definitiva aos 7 anos, no rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- A licenza poderá suspenderse nos supostos e condicións establecidas no Título XIV, do réxime sancionador, da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de Pesca de Galicia.

Artigo 14.- Autorizacións provisionais

Poderanse outorgar autorizacións provisionais que habiliten para faenar durante a tramitación da licenza definitiva, nas condicións e supostos que se establezan por orde da consellería competente.

Artigo 15.- Permiso de pesca especial para regular o esforzo pesqueiro

1.- Co obxecto de regular o esforzo pesqueiro, a Dirección Xeral de Recursos Mariños poderá expedir permisos de pesca especial para faenar durante un período de tempo, nunha zona, cun arte ou aparello determinados, para exercer unha actividade pesqueira concreta.

2.- Para os buques con base en portos de outras Comunidades Autónomas, será requisito imprescindible para faenar nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia estar en posesión dun permiso de pesca especial expedido ao efecto e cumprir coas condicións establecidas no presente Decreto.

Artigo 16.- Clasificación das artes, aparellos e útiles por modalidade

Os artes e aparellos clasifícanse como segue:

1.- Aparellos de anzol

- a) Palangre de fondo
- b) Palangre de superficie
- c) Palangrillo
- d) Liña

2.- Artes de enmalle

- a) Volanta
- b) Rasco
- c) Veta
- d) Trasmallo
- e) Miño
- f) Raeira
- g) Xeito

3.- Artes de cerco

- a) Cerco
- b) Raspita, racú, piobardeira
- c) Cerco para a captura de bolos, lanzóns e voadores

4.- Artes de trampa

a) Nasa

- a.1) Nasa nécora
- a.2) Nasa camarón
- a.3) Nasa centola
- a.4) Nasa polbo
- a.5) Nasa choco
- a.6) Nasa fanequeira
- a.7) Nasa anguía
- a.8) Nasa langosta
- a.9) Nasa patexo

b) Butrón

5.- Artes de arrastre

6.- Artes de tiro

- a) Bou de vara
- b) Rapeta ou bou de man
- c) Boliche ou chinchorro

7.- Útiles

- a) mediomundo
- b) bicheiro
- c) femieira

Artigo 17.- Censos por modalidade de pesca

1.- Establécense os seguintes censos por modalidade:

- a) Volanta
- b) Rasco
- c) Palangre de fondo
- d) Palangre superficie
- e) Cerco
- f) Artes menores: Inclúe o resto das artes, aparellos e útiles citados no artigo anterior excepto os artes de arrastre

2.- Nos censos deberá figurar, como mínimo, a seguinte información:

- a) Nome do buque
- b) Matrícula e folio
- c) Arqueo e potencia
- d) Eslora e manga
- e) Ano de construción
- f) Porto base
- g) Modalidade
- h) Artes autorizados no caso de artes menores.

3.- Con carácter xeral, non se autorizarán cambios de censo por modalidade, sen prexuízo dos cambios temporais regulados no artigo 20 deste decreto. Non obstante a Dirección Xeral de Recursos Mariños poderá autorizar cambios definitivos de xeito debidamente xustificado en función do estado dos recursos, idoneidade do buque e situación socioeconómica do sector ao que se dirixa.

Artigo 18.- Artes e aparellos autorizados

1.- As actividades de pesca marítima só se poderán levar a cabo utilizando as artes e aparellos regulados no Título III do presente Decreto.

2.- Non obstante o anterior, a Dirección Xeral de Recursos Mariños poderá autorizar a utilización ou emprego de artes ou aparellos non recollidos neste decreto, a modificación dos definidos no mesmo ou o uso de forma distinta á regulada, con fins científicos, de experimentación ou cara á unha mellor xestión dos recursos en situacións conxunturais.

3.- O arrastre en xeral, excepto os supostos contemplados neste Decreto, está prohibido en augas interiores de Galicia, agás con fins científicos ou de experimentación, para o cal cumprirá a autorización expresada da Dirección Xeral de Recursos Mariños.

4.- As embarcacións autorizadas a utilizar as artes de racú, boliche, bou de vara ou bou de man non se incrementarán mentras non se determine o contrario en función da selectividade e estado dos recursos aos que van dirixidos.

Os buques de nova construción que substitúan aos autorizados a utilizar as devanditas artes poderán solicitar a súa inclusión nas correspondentes licenzas de pesca sempre que non varíe o porto base ou se traslade a unha zona onde non esté autorizado o uso.

5.- Os buques autorizados para a pesca con nasa fanequeira poderán continuar esta actividade durante a súa vida útil en consonancia co previsto no Real Decreto 410/2001, do 20 de abril, polo que se regula a pesca coas artes fixos no Caladoiro Nacional do Cantábrico-Noroeste.

Artigo 19.- Alternancia de artes e aparellos

1.- Os buques só poderán exercer a pesca con artes e aparellos incluídos na súa licenza ou permiso de pesca especial.

2.- Durante a mesma xornada de pesca só poderán exercer a actividade pesqueira con un único arte ou aparello segundo a súa autorización, sen prexuízo do disposto no artigo 52.

Artigo 20.- Cambios temporais de modalidade

1.- Os cambios temporais de modalidade entre diferentes censos ou entre as diferentes artes e aparellos no censo de artes menores poderán ser autorizados por resolución da Dirección Xeral de Recursos Mariños en función do estado dos recursos e das características técnicas da embarcación por períodos de tempo non superiores a seis meses.

2.- Non obstante, unha vez transcorrido este prazo poderase outorgar un novo cambio temporal, á vista dos anteriores criterios, por causas xustificadas.

CAPÍTULO II. EJERCICIO DA ACTIVIDADE PESQUEIRA

Artigo 21.- Condicións de utilización das artes e aparellos

- 1.- A pesca cos artes e aparellos regulados neste Decreto cumprirá, en todo caso, o establecido no Regulamento (CE) 850/98, do Consello, de 30 de marzo, para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños.
- 2.- As artes e aparellos fixos deberán ser caladas a rumbo de praia.
- 3.- A distancia mínima entre unha arte ou aparello que se vaia calar e outro xa calado non será inferior a 100 metros.
- 4.- Prohíbese o calado de calquera tipo de arte ou aparello de pesca, nos canais de navegación e nos accesos a portos e zonas habituais de fondeo.
- 5.- Cando se larguen artes ou aparellos de pesca nas proximidades doutras que estean caladas, darase o oportuno resguardo co fin de non entorpece-las faenas pesqueiras.
- 6.- As artes e aparellos de pesca non poderán ser abandonados no mar. Cando o abandono se deba a causas de forza maior, deberá ser notificado urxentemente á Consellería competente na materia.

Artigo 22.- Balizamento de artes e aparellos fixos

- 1.- Para buques que faenen en augas situadas mais aló das 12 millas das liñas de base, estarase ao que di o Regulamento (CE) nº 356/2005 da Comisión, de 1 de marzo de 2005, polo que se establecen as disposicións relativas ao mercado e identificación dos artes de pesca fixos e redes de arrastre de vara.
- 2.- Para buques que faenen en augas situadas dentro das 12 millas das liñas de base e dentro de augas interiores estarase ao establecido no Real Decreto 410/2001, de 20 de abril, polo que se regula a pesca con artes fixos no Caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste.

Artigo 23.- Potencia máxima das embarcacións

1.- A potencia máxima dos motores das embarcacións para exercer a pesca en augas da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia non poderá superar os 250 CV nin 185Kw para os motores intraborda, nin os 50 CV ou 37Kw para motores foraborda.

2.- Non poderán realizar obras de reforma na estrutura da embarcación, nin cambios de motor que alteren as súas características, nas embarcacións existentes na actualidade que de forma continuada e permanente estean dedicadas á pesca en augas da Comunidade Autónoma de Galicia e non reúnan as características anteriores a non ser que se aporten as correspondentes baixas.

Artigo 24.- Características técnicas das embarcacións de artes menores

1.- A eslora máxima será de 15 metros de eslora entre perpendiculares ou 18 metros de eslora total.

2.- Os buques de nova construción deberán ter unha eslora total mínima de 5 metros e un arqueo mínimo de 1,5 GT.

3.- Queda prohibida a actividade pesqueira aos buques sen propulsión mecánica.

Artigo 25.- Condicións xerais para o exercicio da actividade

1.- Deberá manterse o equilibrio entre o esforzo pesqueiro e o mantemento dos recursos.

2.- Non se poderá incrementar a capacidade de pesca, medida en arqueo e potencia total, do total de embarcacións que faenen augas interiores da Galicia na entrada en vigor deste Decreto.

Non obstante, a Consellería competente, á vista da evolución da flota e dos recursos mariños poderá permitir o seu aumento dentro do contido dos plans de orientación plurianual aprobados pola Unión Europea para España.

3.- Co obxecto de regular o esforzo pesqueiro o período máximo autorizado para exercer a pesca será de cinco días á semana.

4.- As artes e aparellos deberán ser levantados do seu calamento durante 48 horas continuadas por semana e transportados a porto.

5.- Salvo disposición expresa en contra, os buques deberán cesar na súa actividade e permanecer en porto dende as 00 horas do sábado ata as 24 horas do domingo. Quedan exceptuadas as flotas dirixidas á pesca de peixe espada, marraxo, castañeta e túnidos con mareas habituais superiores a dez días.

6.- Os horarios diúrnos e nocturnos determinaranse polo orto e ocaso do sol.

Artigo 26.- Dimensións dos anzóis e mallas

1.- O longo do anzol será a medida abranguida entre o extremo superior da patilla e a tanxente horizontal á base do anzol. A abertura do anzol será a medida abranguida entre o extremo superior do arpón e a cana do anzol.

2.- Nas artes de rede, a medida da malla será a distancia interior en liña recta entre dous nós opostos da mesma malla, estando esta completamente estendida e mollada. Nas redes sen nós, a distancia interior en liña recta entre dúas conexións opostas da mesma malla, cando está completamente estendida sobre o seu eixe máis longo.

3.- A medición das mallas das redes levarase a cabo conforme ó procedemento establecido no Regulamento (CE) nº 129/2003 da Comisión, de 24 de xaneiro do 2003, polo que se prevén normas detalladas para a determinación do tamaño das mallas e o grosor do torzal das redes de pesca.

4.- Para a malla do revestimento das nasas a medida fai referencia ao lado do cadrado.

Artigo 27.- Infraccións e sancións en materia marítimo pesqueiro

As infraccións que se cometan en relación co establecido neste Decreto serán sancionadas conforme ao establecido na Lei de Pesca de Galicia.

TÍTULO III. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DAS ARTES E APARELLOS

CAPÍTULO I. Aparellos de Anzol

Artigo 28.- Palangre de fondo

1.- Características técnicas.

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none">a) Lonxitude total máxima de palangre: 5.000m.b) Número máximo de anzóis: 2.000.c) Distancia mínima entre brazoladas 2,50m.d) Tamaño mínimo dos anzóis: especificase no artigo 32 do presente Decreto. |
|---|

2.- Características da pesqueira.

Época e zona autorizadas: Todo o ano por fóra das liñas de referencia sinaladas no anexo I.

Artigo 29.- Palangre de superficie

1.- Características técnicas.

- a) Lonxitude máxima e número máximo de anzós: 12.000m. e 6.000 anzois para castañeta
- b) Lonxitude máxima e número máximo de anzós: 20.000m. e 1.000 anzois para peixe espada e marraxo.
- c) Tamaño mínimo dos anzois: especificase no artigo 32 do presente Decreto.

2.- Características da pesqueira.

Época e zona autorizadas: Todo o ano por fóra das liñas de referencia sinaladas no anexo I.

Artigo 30.- Palangrillo

1.- Características técnicas.

- a) Lonxitude máxima 3.000m.
- b) Número máximo de anzois: 1.000
- c) Distancia mínima entre brazoladas: 1m.
- d) Tamanho mínimo dos anzois: especifícase no Artigo 32 do presente Decreto.

2.- Características da pesqueira.

Época e zona autorizadas: Todo o ano en tódalas áreas

Artigo 31.- Liña

1.- Características técnicas.

Tamaño mínimo dos anzois: especifícase no artigo 32 do presente Decreto.

2.- Características da pesqueira.

Época e zona autorizadas: Todo o ano en todas as áreas

Artigo 32.- Tamaño mínimo dos anzóis e especies obxectivo

O tamaño mínimo dos anzóis segundo as especies obxectivo será o seguinte:

Especies Obxectivo	Código mínimo	Longo Anzol (cm)	Ancho seno (cm)
a) Cherna		6,00±1,50	2,30 ±0,50
b) Peixe espada e marraxo	16/0 e 18/0	11,25 ±4,25	4,80 ±1,20
c) Pescada, congro, castañeta, ollomol, tomás e mero		3,85 ±1,15	1,60 ±0,40
d) Robaliza, sargo, pargo e bertorella		2,70 ±0,07	1,05 ±0,15
e) Faneca, maragota, cabra, vello ou serrán, salmonete		2,05 ±0,05	0,80 ±0,10

Capítulo II. Artes de Enmalle

Artigo 33.- Volanta

1.- Características técnicas.

- a) As dimensións mínimas das mallas non serán inferiores a 90 nin superiores a 120mm.
- b) Cada unha das pezas de rede ou panos que compoñen a arte terá unha lonxitude máxima de 50m. e unha altura máxima de 10m.
- c) Lonxitude máxima da arte:
- c.1) embarcacións abranguidas entre 2,5 e 5,5 TRB, 1.000m. equivalentes a 20 pezas.
 - c.2) embarcacións abranguidas entre 5,51 e 7,5 TRB, 2.000m. equivalentes a 40 pezas.
 - c.3) embarcacións abranguidas entre 7,51 e 10 TRB, 3.000m. equivalentes a 60 pezas.
 - c.4) embarcacións abranguidas entre 10,01 e 15 TRB, 4.000m. equivalentes a 80 pezas
 - c.5) embarcacións superiores a 15,01 TRB, 5.000m. equivalentes a 100 pezas.

2.- Características da pesqueira.

Época e zona autorizadas: Todo o ano por fora das liñas das liñas de referencia sinaladas no anexo I.

Fondos mínimos: Queda prohibida a súa utilización en fondos inferiores a 50m.

Artigo 34.- Rasco

1.- Características técnicas.

- a) Dimensións mínimas das mallas 280mm.
- b) Cada una das pezas ou panos que compoñen a arte terá unha lonxitude máxima de 50m. e unha altura máxima de 2,5m.
- c) Lonxitude máxima da arte:
 - c.1) Embarcacións abrangidas entre 2,5 e 5,50 TRB, 1.000m. equivalentes a 20 pezas.
 - c.2) Embarcacións abrangidas entre 5,51 e 7,50 TRB, 2.000m. equivalentes a 40 pezas.
 - c.3) Embarcacións abrangidas entre 7,51 e 10 TRB, 3.000m. equivalentes a 60 pezas.
 - c.4) Embarcacións abrangidas entre 10,01 e 15 TRB, 4.000m. equivalentes a 80 pezas.
 - c.5) Embarcacións superiores a 15,01 TRB, 5.000m. equivalentes a 100 pezas.

2.- Características da pesqueira.

- a) Época e zona autorizadas: Todo o ano por fora das liñas de referencia sinaladas no anexo I, salvo no período comprendido entre o 1 de novembro e o 15 de marzo, ambos inclusive, no que poderán utilizarse fora das liñas do anexo 4.
- b) Fondos mínimos: Queda prohibida a súa utilización en fondos inferiores a 40m.
- c) Horario autorizado: Os aparellos deberan ser levantados do seu calamento e transportados a porto de 12.00 horas do venres a 12.00 horas do domingo.

Artigo 35.- Veta

1.- Características técnicas.

a) Dimensións mínimas das mallas 60mm.

Para a captura de linguado (*Solea spp*) e pescada (*Merluccius merluccius*) en porcentaxe superior ao permitido polo Regulamento (CE) nº 850/98 do Consello as dimensións das mallas non serán inferiores a 80mm.

b) Cada unha das pezas que compoñen a arte terá unha lonxitude máxima de 50m. e unha altura máxima de 3m.

c) Lonxitude máxima total do arte:

c.1) Embarcacións menores de 2,5 TRB, 1.500m. equivalente a 30 pezas.

c.2) Embarcacións abranguidas entre 2,5 e 5, TRB, 3.250m. equivalentes a 65 pezas.

c.3) Embarcacións maiores de 5 TRB: 4.500m. equivalentes a 90 pezas.

2.- Características da pesqueira

a) Época e zona autorizadas: Todo o ano por fóra das liñas de referencia sinaladas no anexo III.

b) Horario autorizado:

Artigo 36.- Trasmallo

1.- Características Técnicas.

a) Dimensións das mallas: A malla mínima dos panos exteriores non será inferior a 400mm. e non excederá de 500, e a do pano central ou interior non será inferior a 70mm. e non excederá de 90.

b) Dimensións do arte:

b.1) Lonxitude máxima total da arte: a mesma cá sinalada para as vetas.

b.2) A altura máxima da arte, entre trallas: 2m.

2.- Características da pesqueira.

a) Época e zona autorizadas: Todo o ano por fóra das liñas sinaladas no anexo III, e a máis de 100m. da costa, agás as embarcacións menores de 2,50 TRB que poderán utilizar trasmallos por dentro das liñas do anexo III, logo da presentación dun plan de xestión que deberá ser aprobado pola Dirección Xeral de Recursos Mariños, no que como mínimo figure: relación de embarcacións, zonas, época e especie ou especies que se poden capturar.

b) Horario autorizado:

Artigo 37.- Miño

1.- Características técnicas.

a) Dimensións das mallas:

a.1) A malla mínima dos panos exteriores non será inferior a 500mm. nin excederá de 800, en tanto que a malla do pano central, deberá ter, como mínimo, 90mm. e non excederá de 150.

a.2) No caso dos miños laxos as mallas exteriores deberán estar comprendidas entre 800 e 900mm. e a malla do paño interior entre 200 e 225mm.

b) Dimensións máximas do arte:

b.1) A lonxitude máxima total: A mesma ca sinalada para as vetas.

b.2) Altura máxima entre trallas: 3 metros.

2.- Características da pesqueira.

a) Época e zona autorizadas: Todo o ano por fora das liñas de referencia sinaladas no anexo II.

En época de veda dos crustáceos centola e boi, non se poderá faenar con esta arte dentro das rías, tal como se define no anexo I.

b) Horario autorizado:

Artigo 38.- Raeira

1. Características técnicas.

- a) Dimensións mínimas das mallas: 280mm.
- b) Cada unha das pezas que compoñen a arte terá unha lonxitude máxima de 50m. e unha altura máxima de 2m.
- c) Lonxitude máxima total da arte:
 - c.1) Embarcacións menores de 2,5 TRB, 1.500m. equivalente a 30 pezas.
 - c.2) Embarcacións abrangidas entre 2,5 e 5, TRB, 3.250m. equivalentes a 65 pezas.
 - c.3) Embarcacións maiores de 5 TRB: 4.500m. equivalentes a 90 pezas.

2.- Características da pesqueira.

- a) Época e zonas autorizadas: Dende o día de apertura da veda da centola ata o 31 de xaneiro, por fóra das liñas de referencia sinaladas no anexo II.
- b) Horario autorizado:

Artigo 39.- Xeito

1.- Características técnicas.

- a) Dimensións mínimas das mallas 40 mm.
- b) Cada unha das pezas que compoñen a arte terá unha lonxitude máxima de 70m. (100m. de pano estirado) e unha altura máxima de 16m.
- c) Lonxitude máxima total do arte 1.000 metros.

2.- Características da pesqueira.

- a) Época e zonas autorizadas: Todo o ano, dentro ou fora das rías.
- b) Horario autorizado:

CAPÍTULO III. ARTES DE CERCO

Artigo 40.- Cerco

1.- Características técnicas.

- a) Dimensións mínimas das mallas: 14mm.
- b) Lonxitude máxima da arte: 600m. sen incluír puños, cada un dos cales non poderá sobrepasar os 30m.
- c) Altura máxima da arte: 130 metros.

2.- Características da pesqueira.

- a) Empleo de luz artificial: Queda prohibida a utilización de luz artificial que teña por obxecto incrementa-la concentración dos cardumes en torno á embarcación.
- b) Topes de captura: Co obxecto de regular esta pesqueira, a Consellería competente poderá fixar os topos máximos de captura das especies peláxicas obxectivo.
- c) Horario autorizado: Deberá respectarse un descanso semanal de 48 horas, que incluírá en todo caso o domingo. Os buques deberán regresar ó porto e permanecer nel durante ese período, segundo as modalidades de horario que se determinen.

Artigo 41.- Outras modalidades de cerco: ráspita, racú e piobardeira

Poderánse utilizar outras artes de cerco de menores dimensións, tradicionais de Galicia, tales como a raspita, o racú, a piobardeira, etc., sempre que se axusten á seguinte normativa:

1.- Características técnicas.
a) Dimensións mínimas das mallas: 14 mm. b) Dimensións máximas da arte: 100m. de lonxitude e 25m. de altura. c) Calóns abrangidos entre 15 e 20m.

2.- Características da pesqueira.
a) Buques autorizados: Embarcacións abrangidas entre 2,50 a 7 TRB. b) Non se poderá utilizar embarcación auxiliar. c) A maniobra será a pombeira, isto é, desde a embarcación. d) Época e zona autorizadas: Todo o ano, por fóra das liñas de referencia sinaladas no Anexo III. e) Horario autorizado: Xornadas diurnas ou nocturnas, que serán excluíntes entre sí e de berán figurar no despacho do buque. Prohibido exercer a actividade dende as 00.00 horas do sábado ata as 24.00 horas do domingo. Os buques deberán regresar a porto e permanecer nel durante este período.

Artigo 42.- Artes de cerco para a captura de bolos, lanzóns e voadores

Poderá autorizarse o emprego do arte de cerco para a captura de diversas especies da familia Ammodytidae (bolos, lanzóns e voadores) mediante a aprobación do correspondente plan de xestión. As capturas así obtidas poderán ser destinadas indistintamente a carnada viva ou morta ou a outros fins comerciais.

Queda expresamente prohibida a captura de Clupeidos (sardiña, trancho e bocarte) para o seu uso como engado.

1.- Características técnicas.

- a) Dimensións máximas da arte: 150m. de lonxitude por 40m. de altura.
- b) Dimensións mínimas das mallas: 10 mm.

2.- Características da pesqueira

- a) Época e zona autorizadas: Poderá ser exercida en xornadas exclusivamente diúrnas e por fóra das liñas de referencia sinaladas no anexo III.
- b) Horario autorizado: Prohibido exercer a actividade dende as 00.00 horas do sábado hasta as 24.00 horas do domingo. Os buques deberán regresar a porto
- c) Prohibido reter a bordo especies distintas ás autorizadas no despacho.

CAPÍTULO IV. ARTES DE TRAMPA

Artigo 43.- Nasas

1.- Características Técnicas

- a) Lonxitude máxima da cacea ou caceas por embarcación 2000m.
- b) Número máximo de nasas por embarcación, excepto nasas de polbo e centola:
 - b.1) Embarcacións menores de 2,50 TRB: 90 nasas.
 - b.2) Embarcacións abrangidas entre 2,51 e 5,00 TRB: 135 nasas.
 - b.3) Embarcacións abrangidas entre 5,01 e 7,00 TRB: 180 nasas.
 - b.4) Embarcacións abrangidas entre 7,01 e 10,00 TRB: 225 nasas.
 - b.5) Embarcacións maiores de 10,01 TRB: 270 nasas.

2.- Características da pesqueira

- a) As nasas clasificaranse pola especie obxectivo da pesqueira, o que non exclúe as capturas incidentais doutras especies distintas, sempre que sexan de tamaño regulamentario e non estean en veda. En caso contrario deberán ser devoltas ó mar inmediatamente despois de capturadas.
- b) Deberán ser levantadas e levadas á terra diariamente, unha vez cumprido o seu horario de traballo e non deben traballar en seco. Non obstante o anterior, as nasas de choco, centola e polbo poden non ser levadas a terra diariamente.
- c) Nas épocas de veda das especies cara ás que se orienta a captura principal das nasas, estas deberán ser transportadas á terra. Deberán permanecer almacenadas en lugares habilitados para o efecto e non poderán permanecer na zona portuaria.
- d) A captura de especies obxectivo desta pesqueira poderán ser limitada pola Consellería competente en materia de pesca.
- c) Horario autorizada: As nasas non se poderán calar nin poderán permanecer no mar as fins de semana a partir das 10,00 horas do sábado. Non poderán calarse de novo ata as 10,00 horas do luns seguinte. Non obstante o anterior, para as nasas de choco e nasas de polbo non é obrigatorio levalas a terra na fin de semana por razóns de seguridade marítima e de redución da sinestralidade laboral.

Artigo 44.- Nasa nécora

1.- Características Técnicas

- a) Dimensións máximas da Nasa: 50cm. de lonxitude e 35cm. de altura ou diámetro.
- b) Diámetro maior máximo da boca de entrada: 16cm.
- c) Abertura mínima da malla de revestimento: 20mm.

2.- Características da pesqueira

- a) Época autorizada: Todo o ano, agás durante os períodos de veda que se establezcan.
- b) Horario autorizado: O lance será sempre nocturno, agás naquelas zonas reguladas dentro do anexo III nas que poderá ser nocturno ou diúrno.
- c) Non obstante o anterior, a Dirección Xeral de Recursos Mariños poderá ditar horarios diferentes aos do parágrafo anterior, debido a razóns técnicas ou biolóxicas

Artigo 45.- Nasa camarón

1.- Características técnicas

- a) Dimensións máximas da nasa: 50cm. de lonxitude e 35cm. de altura ou diámetro.
- b) Diámetro máximo da boca (ou bocas) de entrada, que deberá ser circular ou cadrada: 5cm.
- c) Abertura mínima da malla de revestimento: 32mm.

2.- Características da pesqueira

- a) Época autorizada Todo o ano agás os períodos de veda que se establezcan.
- b) Horario autorizado: Exclusivamente nocturno.

Artigo 46.- Nasa centola

1.- Características técnicas

- a) Dimensións máximas da nasa: 60cm. de xeratriz e 45cm. de diámetro ou altura.
- b) Lonxitude máxima do eixe na boca de entrada: 25cm.
- c) A nasa de centola poderá ser de dous tipos:
 - c.1) Se a nasa é de armazón de variñas de ferro, madeira ou aceiro, e sen envoltura de rede, a separación entre variñas será de 5,5cm.
 - c.2) Cando as nasas teñan unha envoltura de rede deberán dispoñer dunha fiestra de escape de 5,5cm de altura na parte inferior dun dos laterais da nasa.
- d) Co obxecto de incrementar a selectividade da nasa con fiestra de escape, a rabiza debe ir unida ao lado contrario da nasa no que vai a fiestra de escape.
- e) Número máximo de nasas por embarcación:
 - e.1) Embarcacións menores de 2,50 TRB: 45 nasas.
 - e.2) Embarcacións abrangidas entre 2,51 e 5,00 TRB: 65 nasas.
 - e.3) Embarcacións abrangidas entre 5,01 e 7,00 TRB: 90 nasas.
 - e.4) Embarcacións abrangidas entre 7,01 e 10,00 TRB: 112 nasas.
 - e.5) Embarcacións maiores de 10,01 TRB: 135 nasas.

2.- Características da pesqueira

- a) Época autorizado: dende a apertura da veda da centola, a finais do mes de novembro, ata o último día de febreiro. A Dirección Xeral de Recursos mariños poderá modificar estas datas en función dos informes técnicos.
- b) Zona autorizada: Por fóra das liñas de referencia sinaladas no anexo III.
- c) Horario autorizado: Diúrno.
As nasas poden permanecer caladas dende as 6 horas do luns ata as 18 horas do venres.

Artigo 47.- Nasa polbo

1.- Características técnicas

a) Nasa pechada.

Dimensións:

- a.1) Lonxitude máxima: 50cm.
- a.2) Altura ou diámetro máximo: 35cm.
- a.3) Diámetro máximo da boca de entrada: 16cm.
- a.4) Abertura mínima da malla de revestimento: 20mm.

b) Nasa aberta.

Dimensións máximas:

- b.1) Lonxitude: 50cm.
- b.2) Anchura e altura: 35cm.
- b.3) Boca (cara superior aberta): 50cm.

c) Abertura mínima da malla: 40mm.

d) Número máximo de nasas por buque 350, que se distribúen en función do TRB:

- d.1) Embarcacións menores de 2,5 TRB: 50 nasas por embarcación máis 50 por tripulante.
- d.2) Embarcacións abrangidas entre 2,5 e 5 TRB: 100 nasas por embarcación máis 50 por tripulante.
- d.3) Embarcacións maiores de 5 TRB: 200 nasas por embarcación máis 50 por tripulante.

2.- Características da pesqueira

a) Época e zona autorizados: Todo o ano agás os períodos en que se decrete a vede desta especie.

A captura de polbo con nasa pechada, poderá ser exercida por fora das liñas de referencia sinaladas no anexo I, salvo no período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de abril, ambos inclusive, no que poderán utilizarse por fora das liñas de referencia sinaladas no anexo V.

Dentro das liñas do anexo I empregaranse exclusivamente nasas do tipo aberto.

b) Horario autorizado: Terá dúas modalidades segundo a situación xeográfica de calamento das artes:

b.1) Dende cabo Silleiro ata punta río Sieira o horario de pesca será diúrno, e a actividade desenvolverase de luns a venres desde as 6 ata as 18 horas. As nasas deberan volver a terra tódolos días.

b.2) Desde cabo Silleiro ata a desembocadura do río Miño e desde punta Sieira ata a desembocadura do río Eo, o horario da pesca será diúrno de luns a venres desde as 6 ata as 18 horas. As nasas poden permanecer caladas desde as 6 horas do luns ata as 18 horas do venres.

Non estará permitido simultanear as dúas modalidades.

c) Naqueles casos en que as condicións meteorolóxicas sexan desfavorables, a Consellería competente en materia de pesca poderá autoriza-lo mantemento das nasas caladas fora de horario que sexa de aplicación, logo de petición dos interesados.

Artigo 48.- Nasa choco

1.- Características técnicas

- a) Dimensións máximas: 150cm. no eixe maior ou lonxitudinal e 90cm. de diámetro ou altura.
- b) Dimensión máxima da boca no eixe maior 20cm.
- c) Abertura mínima do recubrimento 10cm.

2.- Características da pesqueira

- a) Cebo: A nasa non poderá levar ningún cebo de tipo alimenticio, senón só ramas ou exemplares de choco que sirvan de reclamo. As ramas que leven adheridos ovos deberán ser devoltas ó mar.
- b) Horario autorizado: A súa utilización será tanto diúrna como nocturna dende xaneiro a xullo, ambos incluídos.

Artigo 49.- Nasa fanequeira

1.- Características técnicas

- a) Diámetro máximo dos aros metálicos: 2m.
- b) Altura máxima das varelas verticais: 80cm.
- c) Abertura mínima da malla que cobre o armazón: 12cm.

2.- Características da pesqueira

- a) Zona autorizada: Por fora das liñas de referencia sinaladas no Anexo I..
- b) Fondos mínimos: Profundidade mínima de calado 30 m.
- c) Non poderán faenar con este arte embarcacións menores de 5 TRB.
- d) Número máximo de nasas por embarcación: 50.
- e) Horario autorizado: Os barcos poderán saír ao mar a partir das 07.00 horas e deberán estar de regreso no porto as 17.00 horas.
Poderase deixar caladas as nasas caladas dun día para outro de luns a venres

Artigo 50.- Nasa anguía

1.- Características técnicas

Dimensións máximas: 67cm. de lonxitude e 35 de diámetro.

2.- Características da pesqueira

- a) Época autorizada: Todo o ano, agás no período de veda.
- b) Horario autorizado: O lance será diúrno.

Artigo 51.- Nasa langosta

1.- Características técnicas

- a) Dimensións máximas: 55cm. de xeratriz e 35 de diámetro ou altura.
- b) Dimensión máxima do eixe da boca de entrada: 23cm.
- c) Se o recubrimento da nasa se fai con rede, a abertura mínima da malla será de 140mm. Se se emprega outro material ríxido, o lado do cadrado dos ocos non será inferior a 35mm.

2.- Características da pesqueira

- a) Época e zona autorizada: Todo o ano, agás no período de veda, por fóra das liñas de referencia sinaladas no anexo I.
- b) Horario: Nocturno.

Artigo 52.- Nasa patexo

1.- Características técnicas

Similares á nasa utilizada para a captura de nécora ou polbo.

2.-Características da pesqueira

- a) Plan de Xestión: Poderá autorizarse o emprego de nasa para captura de patexo mediante a aprobación do correspondente plan de xestión.
- b) Poderase, así mesmo, autorizar o seu uso simultáneo coa arte de anzol que empregue o patexo como engado.

Artigo 53.- Butrón

1.- Características técnicas

- a) Dimensións mínimas das mallas: 14mm.
- b) Número máximo de nasas: 65 por embarcación, e 15 mais suplementarias se na embarcación hai mais dun tripulante enrolado e a bordo.

2.- Características da pesqueira

- a) Plan de xestión: Este arte unicamente poderá utilizarse mediante a aprobación do correspondente plan de xestión.
- b) Época autorizada: Todo o ano, salvo no período de veda.
- c) Horario: Non se poderán calar nin permanecer no mar os fins de semana a partir das 12.00 horas do sábado, e non se poderán calar novamente ata as 12.00 horas do luns seguinte.

Artigo 54.- Outro tipo de nasas

Poderanse autorizar tipos de nasas distintas das descritas logo da realización dos estudos correspondentes. A súa normativa de uso será establecida pola Consellería competente en materia de pesca.

CAPÍTULO V. ARTES DE ARRASTRE

Artigo 55.- Arrastre de fondo

Os buques de arrastre de fondo do Caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste censados en Galicia e con base nos portos da Comunidade Autónoma de Galicia cesarán na súa actividade dende as 00.00 horas do sábado ata as 24.00 horas do domingo e permanecerán na súa base.

CAPÍTULO VI. ARTES DE TIRO

Artigo 56.- Bou de vara

1.- Características técnicas

a) Dimensións dos diferentes elementos do arte:

- a.1) Lonxitude máxima das alas: 6m.
- a.2) Lonxitude máxima do cope: 6m.
- a.3) Lonxitude máxima da vara: 6m.
- a.4) Apertura vertical da boca do cope traballando (altura): 3,5m.
- a.5) Chumbada: máximo 10 Kg.
- a.6) Dimensións mínimas da malla: Alas 60mm., Cope 50mm.
- a.7) Potencia máxima da embarcación: 50 C.V (37 Kw).

2.- Características da pesqueira

a) Zona autorizada: Ría de Arousa. A Consellería competente poderá autorizar o seu uso noutras zonas ou áreas, previo os estudos técnicos pertinentes.

b) Condicións de utilización según as áreas:

- b.1) Polígonos de bateas: deberá evitarse toca-las cordas das bateas. A partir do comezo da veda da nécora non se poderá faenar nestas zonas.
- b.2) Canais de navegación: só se autoriza a captura de zamburiña e volandeira nas súas beiras. Está prohibido faenar dentro da zona de navegación.
- b.3) Outras áreas: só se autoriza o seu uso en zonas de libre marisqueo cunha profundidade superior a 10 metros.

c) O número de embarcacións autorizadas non deberá excede-las existentes no momento da publicación deste regulamento.

d) Na época de veda da nécora , esta arte só se poderá utilizar en áreas onde non se capture a esta especie.

e) Época autorizada: Poderase autoriza-lo emprego do bou de vara entres os meses de novembro e marzo, a través da oportuna autorización da Consellería competente en materia de pesca.

f) Horario autorizado: De 08.00 a 14.00 horas agás para a pesca de conguito que será en horario nocturno. O resto de especies capturadas en horario nocturno deben ser devoltas ao mar. O horario diúrno e nocturno serán excluíntes entre si.

Artigo 57.- Rapeta ou bou de man

1.- Características técnicas

- a) Dimensións dos diferentes elementos do arte:
 - a.1) Lonxitude máxima das alas: 30m.
 - a.2) Lonxitude máxima do copo: 6m.
 - a.3) Chumbada: A tralla inferior poderá levar ata un máximo de 1 kg de chumbos cada 4m.
- b) Dimensións mínimas da malla:
 - b.1) Alas de 80mm.
 - b.2)Cope de 50mm.
- c) Potencia máxima das embarcacións: 50 C.V.

2.- Características da pesqueira

- a) Zona autorizada: Ría de Arousa, Vigo e Pontevedra. As condicións de utilización zonas nas que se poderá utilizar a rapeta son as citadas para o bou de vara. A profundidade mínima de traballo será de 10 metros.
- b) Época autorizada: Entre os meses de novembro e marzo previa autorización da Consellería competente.
- c) Horario autorizado: De 08.00 a 14.00 horas, agás para a pesca de conguito que será en horario nocturno.
- d) No caso da pesca dirixida ao conguito debe figurar no despacho do rol da embarcación xunto coa arte. O resto de especies capturadas en horario nocturno deben ser devoltas ao mar. O uso diúrno e nocturno serán excluíntes entre si.

Artigo 58.- Boliche ou chinchorro

1.- Características técnicas

- a) Dimensións dos diferentes elementos do arte:
- a.1) Lonxitude máxima das alas: máximo de 75m.
 - a.2) Lonxitude máxima da mesa: 2m.
 - a.3) Lonxitude máxima do cope: 7m.
 - a.4) Lonxitude máxima da coroa: 3m.
 - a.5) Malla mínima: 36mm. cando a especie obxectivo sexa a lura e 10mm. para a captura de cebo vivo.
 - a.6) Chumbada A tralla inferior poderá levar ata un máximo de 1 kg de chumbada cada 6m. de tralla.
 - a.7) A lonxitude da tralla inferior ou relinga de chumbos será superior á lonxitude do pano da rede. Por cada metro de pano de rede haberá como mínimo 1,30m. de relinga de chumbo
- b) Prohíbese realizar halado con cabo dado á terra.

2.- Características da pesqueira

- a) Plan de xestión: O uso do boliche só se permitirá logo de aprobación do oportuno plan de xestión pola Consellería competente en materia de pesca que deberá recoller as zonas de utilización e especies de captura.
- b) Cebo vivo: Para a pesca de cebo vivo poderá autorizarse o emprego do boliche para a captura de diversas especies de familia Ammodytidae (bolos, lanzóns e voadores) mediante a aprobación do correspondente plan de xestión. As capturas poderán ser destinadas indistintamente a carnada viva ou morta ou a outros fins comerciais.
- c) Fondos mínimos: 10 metros.
- d) Época autorizada: Poderase autorizar seu uso entre os meses de xullo e setembro.
- e) Horario: Diúrno.

CAPÍTULO VII. ÚTILES DE PESCA

Artigo 59.- Mediomundo

1.- Características técnicas.

a) Dimensións do arte:

a.1) Máximo diámetro do aro: 6m.

a.2) Dimensión mínima da malla de cope do aro: 14mm.

2.- Características da pesqueira.

a) Época autorizada: Todo o ano.

b) Horario autorizado: Diúrno.

Artigo 60.- Bicheiro e femieira

1. Características técnicas.

a) Útiles autorizados según as especies obxectivo:

a.1) Bicheiro para a captura de polbo, ourizo e centola.

a.2) Femieira para a pesca de choco usando femias como engado.

b) Poderáse utilizar o trueiro e o espello ou mirafondos como elemento auxiliar.

2. Características da pesqueira

Época autorizada: Todo o ano, agás nas épocas de veda das especies que captura.

Disposicións transitorias

1.- Establécese un período de 6 meses a partir da publicación deste Decreto no Diario Oficial de Galicia, para a adaptación das normas actualmente existentes ao contido do mesmo

2.- No prazo de 6 meses a partir da publicación deste Decreto no Diario Oficial de Galicia, emitiránse Licenzas de Pesca que substituirán aos Permisos de Explotación. Estes manterán a súa vixencia en tanto non se emitan Licenzas de Pesca que os substitúan.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 424/93, de 17 decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia.

Disposición Final

O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO I

LIÑAS DE REFERENCIA

Ribadeo: De punta da Cruz a illa Pancha.

Viveiro: De punta Saíñas a punta Pena Rubia.

O Barqueiro: De punta Camero a cabo de Bares.

Ortigueira: De punta da Bandeza a punta Gabeira.

Cedeira: De punta Lamela a punta Chirlateira

Ferrol: De Monte Ventoso á punta do Segaña.

Ares e Betanzos: De punta Coitelada ó Seixo Branco.

A Coruña: De punta Mera a punta Herminia.

Corme e Laxe: De cabo Roncudo a punta Laxe.

Camariñas: De monte Farelo a punta da Barca.

Seo de Concurbión: De punta Cabanas a punta do Pindo.

Muros e Noia: De monte Louro a punta Castro.

Vilagarcía: De punta Falcoeiro a punta Con da Aguieira.

Pontevedra: De punta Cabicastro a cabo Udra.

Aldán: De cabo Udra a punta Couso.

Vigo: De cabo de Home a punta Lameda.

Baiona: De punta Lameda a cabo Silleiro.

ANEXO II

LIÑAS DE REFERENCIA

Ribadeo: De punta da Cruz a illa Pancha

Viveiro: De punta de Faro a punta Socastro

O Barqueiro: De punta Almeiro a punta Cova Baixa

Ortigueira: De punta Espasante a punta do Castro.

Cedeira: De punta Fulgoso a punta Castrelo.

Ferrol: De punta do Vispón a punta Redonda.

Ares e Betanzos: De punta da Torella a punta Promontoiro.

A Coruña: De punta Mera a punta Herminia.

Corme e Laxe: De punta do Chan a punta Besugueira.

Camariñas: De punta Villueira a punta de Choreme.

Seo de Corcubión: De punta Cabanas a punta do Pindo.

Muros: De punta Rebordiño a punta Cabeiro.

Vilagarcía: De punta Castelo (ó sur da Illa de Arousa) a punta Cabeza do Mouro.

Pontevedra: De punta Festiñanzo a punta Loira.

Aldán: De punta Corbeiro ou Area Brava a punta Preguntoiro ou do Bon.

Vigo: De punta de Balea a cabo do Mar.

Baiona: De punta Lameda a punta do Boi.

ANEXO III

LIÑAS DE REFERENCIA

Ribadeo: De punta da Cruz a illa Pancha.

Viveiro: De punta de Faro a punta Socastro.

O Barqueiro: De punta Cova a punta Almeiro.

Ortigueira: De punta Espasante a punta do Castro.

Cedeira: De punta Castelo a Pedra Langosteira.

Ferrol: De punta do Vispón a punta Redonda.

Ares e Betanzos: De punta da Cruz a punta S. Amede.

A Coruña: De morro de Canido a punta Dique Barrié.

Corme e Laxe: De punta Mundiña a punta do Carral.

Camariñas: De punta Villueira a punta Choreme.

Fisterra: De punta Berdullas a punta Mosguenta.

Corcubión: De punta das Mariñas a Cast. Do Príncipe.

Muros: De punta Rebordiño a illa de Santa Catalina.

Noia: De Illa Crebra a punta Reis de Cons.

Vilagarcía: De punta Cabío a punta Barbafeita.

Vilagarcía: De punta Castelo a punta Cabeza do Mouro.

Pontevedra: De punta Moa a punta das Sinas.

Aldán: De punta Corbeiro ou Area Brava a punta Preguntoiro ou de Bon.

Vigo: De punta Monte da Guía do Con.

Baiona: De punta Lameda a Punta do Boi.

ANEXO IV

LIÑAS DE REFERENCIA

Viveiro: De punta Faro a Punta Socastro.

O Barqueiro: De Cova Baixa a punta Almeiro.

Corme e Laxe: De punta de Chan a punta Besugueira.

Muros e Noia: De punta Rebordiño a punta Caveiro.

Vilagarcía: De punta Touro a punta Cabeza do Mouro.

Vigo: De punta Corbeiro dos Castros a Cabo Estai.

ANEXO V

LIÑAS DE REFERENCIA

Viveiro: De punta Faro a Punta Socastro.

O Barqueiro: De punta Coba a Punta Almeiro.

Ortigueira: De punta Espasante a punta do Castro.

Ares e Betanzos: De punta Miranda a Punta Redonda

A Coruña: De Morro do Canido a punta Dique Barrié.

Corme e Laxe: De punta do Carral a punta Mundiña
De punta Mundiña a Punta Cabalo.
De punta Cabalo a Punta Besugueira.

Camariñas: De punta Castelo a punta Merexo.
De punta Merexo a Punta Chorente.

Corcubión: De punta Galera a Cabo de Cee
De punta Nasa a punta Sardiñeiro
De punta Sardiñeiro a punta Bardullas.

Muros e Noia: De punta Rebordiño a punta Caveiro.

Arousa: De punta Touro a punta Cabeza de Moro

Pontevedra: De punta Festínanos a punta Loira.

Aldán: De punta Preguntoiro a punta Corbeiro.

Vigo: De cabo Balea a Cabo de Mar.

Baiona: De punta Gaiteiras a punta do Boi.